

As dotacións económica que perciben os distintos grupos municipais están reguladas no art. 41 das Bases de Execución do Orzamento, que dispón o seguinte para o actual exercicio 2017:

#### **Artigo 41.- Dotacións económicas ós Grupos municipais**

De conformidade cos acordos plenarios adoptados establécese como asignación mensual a cada un dos grupos políticos do Concello de Ourense, a cantidade de 450,00 euros por grupo municipal constituído, e de 450,00 euros por cada membro que forme parte integrante destes.

O importe da dotación económica recoñecida a favor dos grupos municipais non poderá destinarse ó pagamento de remuneracións de persoal ó servizo da corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. A estes efectos, non terán a consideración de bens de inversión, os sinalados no artigo 108.2 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o valor engadido.

A dotación económica ós grupos municipais aboarase ó comezo de cada trimestre natural, rateándose nos supostos de modificación do número de membros integrantes de cada grupo e do período a que correspondan.

Os grupos municipais deberán levar unha contabilidade específica da dotación monetaria a que se refiren os apartados anteriores, comprensiva dun rexistro de caixa, de entradas e saídas, conformado polo Voceiro do grupo municipal, que porán a disposición do Pleno a petición da Xunta de Voceiros.

A fiscalización destas dotacións económicas por parte da Intervención municipal, realizarase anualmente con referencia a 31 de decembro, debéndose presentar no primeiro trimestre do exercicio seguinte a que correspondan un estado resuntivo da contabilidade levada polo grupo e unha declaración responsable, expedida polo voceiro do grupo, na que se poña de manifesto que a totalidade dos fondos percibidos foron aplicados ós supostos e ós casos previstos na lei.

No último ano de mandato corporativo e con carácter previo á súa finalización, os grupos municipais deberán liquidar as dotacións recibidas con destino o seu funcionamento, de xeito tal que no caso de existiren excesos de financiamento deberán reintegrar o exceso percibido na Tesourería municipal.

